

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 18 DE OUTUBRO DE 2018

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 10:05 horas do día 18 de outubro de 2018, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 16 de outubro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. María Jesús Lago Rey

Vocais: D^a. María Isabel Fernández Gabriel
D^a. Olga Gómez Corbal
D. José Riesgo Boluda
D. Fernando Carballo Vilar como suplente de D. Eugenio Costas Riveiro (asiste aos puntos 5 e 10)
D. Francisco Javier Gutiérrez Orúe (asiste aos puntos 2 e 3)
D^a. Cristina Gómez García (asiste ao punto 11b)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

1.- Aprobación de actas

a) Acta do 4 de outubro de 2018

Apróbase a acta da sesión do 4 de outubro de 2018 cos votos de D^a. María Isabel Fernández Gabriel, D. Alberto Escariz Couso, D. Secundino Otero Faílde.

b) Acta do 10 de outubro de 2018

Apróbase a acta da sesión do 10 de outubro de 2018 cos votos de D^a. María Jesús Lago Rey, D^a. María Isabel Fernández Gabriel e D^a. Olga Gómez Corbal.

c) Acta do 11 de outubro de 2018

Apróbase a acta da sesión do 11 de outubro de 2018 cos votos de D^a. María Jesús Lago Rey, D^a. María Isabel Fernández Gabriel, D^a. Olga Gómez Corbal e D. José Riesgo Boluda.

d) Acta do 15 de outubro de 2018

Apróbase a acta da sesión do 15 de outubro de 2018 cos votos de D^a. María Jesús Lago Rey, D^a. María Isabel Fernández Gabriel, D^a. Olga Gómez Corbal e D. José Riesgo Boluda.

2.- Apertura administrativa

a) Procedemento aberto dos servizos para o mantemento e reparación do



equipamento informático, multimedia e redes de datos dos centros municipais de distrito e do mantemento do equipamento multimedia do auditorio de Teis e servizo técnico de eventos (8.057-320)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e na plataforma de licitación electrónica e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co único licitador presentado. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal". Tras a súa cualificación, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
1. EVELB TÉCNICAS Y SISTEMAS, S.L. (lotes 1 e 2)
 2. APLICACIONES DE INFORMÁTICA DE AEVIGO, S.L. (lotes 1 e 2)

3.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto dos servizos para o mantemento e reparación do equipamento informático, multimedia e redes de datos dos centros municipais de distrito e do mantemento do equipamento multimedia do auditorio de Teis e servizo técnico de eventos (8.057-320)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" dos licitadores presentados e admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

5.- Apertura técnica e económica/apertura administrativa e económica

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación do servizo de limpeza nas instalacións de Vigozoo (9.115-612)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e na plataforma de licitación electrónica e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co único licitador presentado. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante fórmula" co seguinte resultado:

	Licitador	Redución do prezo
1	GALLEGA DE PROYECTOS Y SERVICIOS, S.L	42.743,25€

Acto seguido compróbase a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos, resultando esta correcta.



De acordo co previsto na cláusula 16.3 do PCAP "As fórmulas só serán de aplicación para valorar ofertas admitidas. As ofertas que conteñan valores anormais ou desproporcionados de acordo co establecido na cláusula 18 deste prego, non serán obxecto de valoración. Tampouco serán de aplicación cando no procedemento só exista un licitador admitido. Neste caso outorgaráselle a máxima puntuación sen necesidade de aplicar a fórmula", a Mesa acorda, por unanimidade, outorgar a máxima puntuación ao único licitador admitido (100 puntos, segundo o apartado 7B do Anexo I -FEC- do PCAP):

	Licitador	Puntuación
1	GALLEGA DE PROYECTOS Y SERVICIOS, S.L	100 puntos

10.- Propostas de clasificación/clasificación

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación do servizo de limpeza nas instalacións de Vigozoo (9.115-612)

Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento aberto simplificado para a contratación do servizo de limpeza nas instalacións de Vigozoo (9.115-612) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación
1	GALLEGA DE PROYECTOS Y SERVICIOS, S.L.	100 puntos

Segundo.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, GALLEGA DE PROYECTOS Y SERVICIOS, S.L., para que presente, no prazo de sete días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, unicamente a documentación esixida na cláusula 22.1 do PCAP, ao estar inscrito no Rexistro de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público:

- Acreditación da constitución garantía definitiva.
- Declaración responsable designando ao seu delegado coas funcións descritas na cláusula 28.11 deste prego, conforme ao modelo incluído no Anexo VI.
- Cando proceda, o compromiso da empresa coa que integra a súa solvencia de que pon os seus medios a disposición do adxudicatario.

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación da póliza de seguro de vida e accidentes para os empregados/as públicos e cargos electos locais ao servizo do Concello de Vigo (31.477-220)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/04/2024 11:07	Páxina 3 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA14B-5851B1-27BF8B-NU5C1F-8GMYG4-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Real decreto legislativo 3/2011

- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación da póliza de seguro de vida e accidentes para os empregados/as públicos e cargos electos locais ao servizo do Concello de Vigo (31.477-220)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 20 de setembro de 2018, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Dar conta do acordo adoptado pola Mesa de Contratación de non admisión neste procedemento dos seguintes licitadores e polos seguintes motivos:

1. *MAFRE VIDA S.A. DE SEGUROS Y REASEGUROS: por non cumprir os requisitos de presentación das proposicións*
2. *AXA AURORA VIDA S.A. DE SEGUROS Y REASEGUROS, por non ter presentado a documentación esixida na cláusula 14.2 do PCAP para o Sobre A*

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación da póliza de seguro de vida e accidentes para os empregados/as públicos e cargos electos locais ao servizo do Concello de Vigo (31.477-220) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitadores	Puntuación
1	VIDA-CAIXA SOCIEDAD ANÓNIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS SOCIEDAD UNIPERSONAL	98,90
2	SURNE MUTUA DE SEGUROS Y REASEGUROS A PRIMA FIJA	98,14
3	GENERALI ESPAÑA S.A. DE SEGUROS Y REASEGUROS	68,00

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, VIDA-CAIXA SOCIEDAD ANÓNIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS SOCIEDAD UNIPERSONAL, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
3. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 23 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, VIDA-CAIXA SOCIEDAD ANÓNIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS SOCIEDAD UNIPERSONAL, o día 21 de setembro de 2018, que presenta a documentación requirida o 5 de outubro, dentro do prazo concedido.



Na sesión do 8 de outubro de 2018, a Mesa de Contratación, tras a revisión da documentación presentada, acordou conceder un prazo de tres días a VIDA-CAIXA SOCIEDAD ANÓNIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS SOCIEDAD UNIPERSONAL da LCSP para que puidese adoptar as medidas autocorrectoras pertinentes e acreditar que se atopa ao corrente nas súas obrigas tributarias co Estado. Dentro do prazo concedido o licitador presentou un certificado positivo expedido pola AEAT o 10 de outubro de 2018 no que se indica que o solicitante está ao corrente nas súas obrigas tributarias.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 18 de outubro de 2018 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar VIDA-CAIXA SOCIEDAD ANÓNIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS SOCIEDAD UNIPERSONAL, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por VIDA-CAIXA SOCIEDAD ANÓNIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS SOCIEDAD UNIPERSONAL, de conformidade cos acordos da Mesa de Contratación de data 19 de setembro de 2018.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/04/2024 11:07	Páxina 5 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA14B-5851B1-27BF8B-NU5C1F-8GMYG4-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

“Adxudicar a VIDA-CAIXA SOCIEDAD ANÓNIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS SOCIEDAD UNIPERSONAL o procedemento aberto para a contratación da póliza de seguro de vida e accidentes para os empregados/as públicos e cargos electos locais ao servizo do Concello de Vigo (31.477-220) coas seguintes condicións:

1. *Propón como prima anual do seguro 106.484,71 euros (exento de IVE).*
2. *Comprométese a outorgar ao Concello de Vigo unha participación en beneficios de 95%*
3. *Comprométese a aportar as seguintes melloras:*
 - *Subministro de cadeira de rodas en caso de Incapacidade Permanente Absoluta*
 - *Adaptación do domicilio ou vehículo do asegurado en caso de Invalidez Absoluta por calquera causa ata 3.000 euros*
 - *Reembolso de gastos por prótese en caso de Invalidez Permanente Absoluta ata 3.000 euros*
4. *Comprométese a incrementar as garantías aseguradas nas seguintes contías:*
 - *Falecemento por calquera causa: 5.000 euros.*
 - *Falecemento por accidente: 5.000 euros.*
 - *Falecemento por accidente de circulación: 5.000 euros.*
 - *Invalidez permanente absoluta ou grande invalidez por calquera causa: 5.000 euros.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

b) Procedemento aberto para a contratación de servizos para a xestión e dinamización da Casa das Mulleres de Vigo (8.398-224)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación de servizos para a xestión e dinamización da Casa das Mulleres de Vigo (8.398-224)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/04/2024 11:07	Páxina 6 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA14B-5851B1-27BF8B-NU5C1F-8GMYG4-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 11 de outubro de 2018, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación de servizos para a xestión e dinamización da Casa das Mulleres de Vigo (8.398-224) na seguinte orde descendente:

	Licitador	PUNTUACIÓN TOTAL
1	XÉRMOLO, DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L.	95,00

Segundo.- Requiritr ao licitador clasificado en primeiro lugar, XÉRMOLO, DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
3. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, XÉRMOLO, DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L., o día 11 de outubro de 2018, que presenta a documentación requirida o 16 de outubro, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 18 de outubro de 2018 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar XÉRMOLO, DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/04/2024 11:07	Páxina 7 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA14B-5851B1-27BF8B-NU5C1F-8GMYG4-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por XÉRMOLO, DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L., de acordo co informe de valoración da proposición avaliable mediante xuízo de valor de data 27 de setembro de 2018 e do acordo adoptado pola Mesa de Contratación na sesión do 4 de outubro de 2018.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a XÉRMOLO, DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L. o procedemento aberto para a contratación de servizos para a xestión e dinamización da Casa das Mulleres de Vigo (8.398-224) coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do contrato é de 32.548,76 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 5.648,96 euros.*
- b) O persoal a adscribir ao contrato (con categoría de animador/a sociocultural) conta con 69 meses de experiencia (a maiores do mínimo de 6 meses)*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 11:00 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

A presidenta da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)

A secretaria da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/04/2024 11:07	Páxina 8 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA14B-5851B1-27BF8B-NU5C1F-8GMYG4-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		